



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Abril 2023

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2023


Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Abril 2023

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en abril de 2023 un incremento do 0,1% con respecto a abril de 2022; mentres que en España retrocedeu un 4,0%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo retrocederon un 0,3%, os bens de equipo creceron un 10,4% e os bens intermedios caeron un 1,2%. Pola súa parte a enerxía retrocedeu un 10,0%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden a "fabricación de vehículos de motor" e "outras industrias extractivas", que achegan 2,7 puntos cada unha, e a "confección de roupa de vestir", que engade 1,0 puntos a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas, as principais foron: a "industria da madeira e da cortiza", cunha repercusión negativa de 2,2 puntos, a "metalurxia", que minora 1,2 puntos e a "industria da alimentación" que resta 1,0 puntos á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Abril 2023

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos compoñentes en %



	Índice	VARIACIÓNS (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	99,2	0,1	7,2
Bens de consumo	133,1	-0,3	0,8
Bens de equipo	94,7	10,4	17,5
Bens intermedios	111,9	-1,2	-4,1
Enerxía	62,2	-10,0	22,3

1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en abril de 2023 un incremento do 0,1% con respecto a abril de 2022; mentres que en España retrocedeu un 4,0%.

Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo decreceron un 0,3%, os bens de equipo creceron un 10,4% e os bens intermedios decreceron un 1,2%. Pola súa parte a enerxía retrocedeu un 10,0%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un decrecemento do 0,3%, e restan 0,1 puntos a taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 10,4%, o que suma 2,3 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** baixan un 1,2%, cunha repercusión negativa de 0,3 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que retrocede un 10,0% restando 1,8 puntos á taxa de variación interanual do total.

Comparando cos crecementos interanuais de marzo de 2023, por destino económico, os bens de consumo empeoran 6,7 puntos, os bens de equipo empeoran 41,6 puntos, os bens intermedios empeoran 10,1 puntos e a enerxía empeora 27,6 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais o crecemento interanual en abril do 0,1% débese principalmente ás achegas positivas (8,5 puntos) de doce ramas. As principais foron: a "fabricación de vehículos de motor" e "outras industrias extractivas", que achegan 2,7 puntos cada unha, e a "confección de roupa de vestir", que engade 1,0 puntos a taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas (-8,4 puntos) de catorce ramas, as principais foron: a "industria da madeira e da cortiza", cunha repercusión negativa de 2,2 puntos, a "metalurxia", que minora 1,2 puntos e a "industria da alimentación" que resta 1,0 puntos á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de abril moveuse entre o 2,4% de Canarias e o -11,5% de LA Rioja. Ademais da devandita, presentan variacións interanuais superiores á media estatal: Galicia (0,1%), Comunitat Valenciana (0,0%), Madrid (-0,3%), Andalucía (-2,1%) e Castilla – La Mancha (-2,9%).

IPI Abril 2023


Taxas de variación en %



No que vai de ano, os maiores incrementos rexístranse en Galicia (7,2%) e Canarias (6,1%). As comunidades con maiores descensos son Murcia (-9,5%) e Asturias (-3,7%).

4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Abril 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	99,2	0,1	7,2	--	--
Bens de consumo	133,1	-0,3	0,8	-0,1	0,2
Bens de equipo	94,7	10,4	17,5	2,3	4,0
Bens intermedios	111,9	-1,2	-4,1	-0,3	-1,2
Energía	62,2	-10,0	22,3	-1,8	4,2
España					
Xeral	97,5	-4,0	0,7	--	--
Bens de consumo	97,8	-5,0	0,8	-1,3	0,2
Bens de equipo	99,5	-0,6	6,6	-0,1	1,5
Bens intermedios	100,6	-6,5	-2,5	-2,1	-0,8
Energía	90,6	-2,1	-1,1	-0,4	-0,2

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Abril 2023

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	18,7		9,6		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	25,4	2,7	33,7	3,8	13,1
Outras industrias extractivas	306,8	2,7	170,1	1,8	1,1
Confección de roupa de vestir	13,1	1,0	6,1	0,5	4,1
Fabricación de material e equipamento eléctrico	70,2	0,6	16,8	0,2	1,4
Fabricación de bebidas	10,6	0,5	15,1	0,6	3,5
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	12,1	0,3	11,8	0,3	2,5
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	8,9	0,3	6,7	0,2	4,1
Fabricación doutro material de transporte	22,0	0,2	12,4	0,1	2,0
Industria química	5,0	0,1	-3,5	-0,1	1,5
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	0,0	0,0	-1,3	0,0	2,6
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-1,5	0,0	-4,8	-0,1	2,0
Industria téxtil	-18,9	-0,1	0,9	0,0	0,6
Fabricación de mobles	-6,0	-0,1	5,4	0,1	1,1
Outras industrias manufactureiras	-19,9	-0,1	-12,7	-0,1	0,5
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-2,3	-0,3	29,4	4,1	22,3
Industria do papel	-14,5	-0,4	-4,1	-0,1	2,2
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-10,1	-0,8	-2,8	-0,2	7,7
Industria da alimentación	-6,1	-1,0	-3,1	-0,5	13,2
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-29,5	-1,2	-31,2	-1,3	5,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles, cestería e espartaría	-31,0	-2,2	-26,3	-1,8	3,6
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Abril 2023

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	97,5	-4,0	0,7
Galicia	99,2	0,1	7,2
Andalucía	89,9	-2,1	-1,9
Aragón	95,8	-9,2	0,0
Asturias	91,8	-7,4	-3,7
Balears (Illes)	81,3	-6,1	-0,9
Canarias	90,4	2,4	6,1
Cantabria	102,1	-6,2	-1,9
Castilla - La Mancha	101,0	-2,9	4,1
Castilla y León	87,9	-4,2	4,5
Cataluña	98,0	-6,5	-0,8
Comunitat Valenciana	101,7	0,0	-0,1
Extremadura	97,5	-8,6	4,3
Madrid	107,6	-0,3	5,5
Murcia	104,9	-7,5	-9,5
Navarra	99,2	-4,2	-3,0
País Vasco	92,9	-5,8	-0,2
Rioja (La)	77,1	-11,5	-3,2

Fonte: INE